

## **ANUNCIO**

*Acordo do Pleno do 24 de marzo de 2023 do Concello de Santa Comba polo que se aproba inicialmente o aprobación conxunta de proxecto de obras “Urbanización da rúa Obispo García Pardiñas e a relación de bens e dereitos”. Expediente: 2023/X999/000009*

---

### **Acordo do Pleno da Corporación**

O Pleno da Corporación municipal o 24 de marzo de 2023, adoptou, entre outros, este acordo extractado:

1. Aprobar inicialmente o proxecto de obras para a “Urbanización da Rúa Obispo García Pardiñas en Santa Comba”, elaborado por CIMARQ –Consultoría de Ingeniería Medio Ambiente y Arquitectura SL-.
2. Someter o citado proxecto a información pública durante un período de 15 días hábiles.
3. Estimar precisa a realización da obra de conformidade ao proxecto, considerando implícita a declaración de utilidade pública das obras contempladas aos efectos da expropiación forzosa dos terreos afectados.
4. Acordar a necesidade concreta de ocupación dos terreos indispensables para a realización das obras obxecto do proxecto Urbanización da Rúa Obispo García Pardiñas en Santa Comba, elaborado por CIMARQ – Consultoría de Ingeniería Medio Ambiente y Arquitectura SL.
5. Aprobar inicialmente a relación concreta e individualizada dos bens a expropriar para a execución da obra tal e como se recollen a continuación:

<b>Finca núm.</b>	<b>Referencia catastral</b>	<b>Superficie total</b>	<b>Superficie a expropriar (m<sup>2</sup>)</b>	<b>Titular</b>
1	5748579NH1654N0001LU	194 m <sup>2</sup>	16 m <sup>2</sup>	Ferreiro García, Sofía Teresa
2	5748580NH1654N0001QU	195 m <sup>2</sup>	38 m <sup>2</sup>	Ferreiro García, Carmen
3	5748508NH1654N0001YU	59 m <sup>2</sup>	59 m <sup>2</sup>	Redondo García, José Luis

6. Proceder á publicación de este acordo na forma á que se refire o artigo 18 LEF, abrindo información pública durante un prazo de quince días no Taboleiro de Anuncios do Concello, Boletín Oficial de la Provincia, e nun dos xornais de maior circulación da provincia, con notificación persoal aos interesados, para que os titulares de bens e dereitos afectados pola expropiación poidan aportar por escrito rectificación dos posibles errores que se estimen na relación publicada, ou oporse á ocupación ou disposición dos bens e dereitos por motivos de forma ou fondo, que han de fundamentar motivadamente”.

## **Os antecedentes**

Logo de ver que o Pleno da Corporación municipal, o 5 de abril de 2001, a Corporación Municipal do Concello de Santa Comba, en sesión extraordinaria, aprobou o Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM), publicado no *Boletín da Provincia da Coruña* número 86, do 16 de abril de 2001.

Na contorna da rúa da *Corredoira da Torre* e rúa do *Obispo García Pardiñas*, a planimetria do PXOM determinou a regularización de ditos viarios, establecendo as aliniacións que se recollen no plano B.3.2 de Clasificación do solo.

O Concello de Santa Comba pretende, en cumprimento do establecido en dito instrumento de planeamento, levar a cabo as determinacións que no mesmo se conteñen, urbanizando dita área, acometendo una mellora da seguridade viaria, prestando especial atención á eliminación de barreiras arquitectónicas e dotando de continuidade á beirarrúa situada entre as rúas da *Corredoira da Torre* e do *Obispo García Pardiñas*.

E de ver o proxecto *Urbanización da rúa do Obispo García Pardiñas*, que elabora a Consultoría de Enxeñería, Medio Ambiente e Arquitectura (CIMARQ), e asina o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Gustavo Vázquez Herrero, colexiado núm. 17803, no que se detallan as obras a realizar e a relación concreta e individualizada de propietarios e bens que resultan afectados pola execución do proxecto técnico. Tamén se relacionan os terreos a ocupar pola execución das devanditas obras e se realiza a valoración dos mesmos.

## **Descripción material e valoración de bens e dereitos a expropiar**

Referencia catastral	Clase	Situación	NIF titular	Valor do solo expropiado
5748579NH1654N0001LU	Urbano	Marxe dereita (dirección rúa de Obispo García Pardiñas)	***8789**	1.020,00 €
5748580NH1654N0001QU	Urbano	(dla rúa Corredoira da Torre)	***6095**	2.422,50 €
5748508NH1654N0001YU	Urbano		***4157**	3.761,25 €
Total valoración expropiación				7.203,75 €

Santa Comba, 22 de abril de 2023

A alcadesa

María Josefa Pose Rodríguez  
(Documento que se asina electronicamente)